

IX. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais infórmase:

- Que os datos achegados por vostede neste formulario serán utilizados exclusivamente para xestionar o concurso no que se está a inscribir, incluíndo a posterior publicación do nome do gañador por medios dixitais e impresos.
- Non se transferirán os datos a ningunha entidade agás o nome do gañador para a impresión das publicacións sinaladas, ou ben por obriga legal ou a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigas legais de información.
- Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigas legais que encomenda a normativa administrativa.
- É responsable dos datos o Concello de Oleiros, con enderezo en Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros, e teléfono 981 610 000; enderezo electrónico: alcaldia@oleiros.org
- Pode exercer os seus dereitos relativos á Protección de Datos mediante escrito dirixido a este Concello, xa sexa por vía electrónica ou presentado presencialmente nas oficinas de Rexistro sitas no enderezo sinalado anteriormente, así como presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente.

Resumindo...

Que tes que facer?

Tes que deseñar un logo e un nome en galego para o Consello da mocidade.

Ata cando podes entregalo?

Tes ata o 24 de maio para entregalo.

Onde ?

De luns a venres:

Na Fábrica de 09.00 a 14.00h ou na Biblioteca Rialda de 17.00 a 20.30h.

Cal é o premio?

Unha tableta electrónica de deseño gráfico.

Ademais, o teu traballo será a imaxe oficial do Consello da Mocidade.

CONCURSO
DESEÑANDO **M** **OCIDADE**
PARTICIPANTES DE 12 A 30 ANOS

GÚSTACHE
DESEÑAR?

Departamento de Xuventude
Centro cultural A Fábrica
R/Inglés, 13, Perillo, 15172

981 636 598

c.xuventude@oleiros.org

  [@xuventudeoleiros](#)

Este concurso é para tí!

Concello de  Oleiros

FOLLA DE DATOS PARTICIPANTE

NOME E APELIDOS

Nº DOCUMENTO IDENTIDADE

DATA DE NACEMENTO

IDADE

TELÉFONO 1

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

ENDEREZO

☐ Acepto a política de protección de datos persoais e as bases do concurso "Deseñando mocidade".**

AUTORIZACIÓN PAI/NAI/TITOR LEGAL

NOME E APELIDOS

DNI

☐ Autorizo ao meu fillo/a a participar e acepto a política de protección de datos persoais así como as bases do concurso "Deseñando mocidade".**

☐ Autorizo a toma de imaxes e vídeos por parte do Concello de Oleiros e o seu uso nas súas publicacións dixitais e impresas.

SINATURA PAI/NAI/
TITOR LEGAL OU
PARTICIPANTE
MAIOR DE IDADE

*Incluír esta follla no interior do sobre pequeno, xunto coa copia do documento de identidade.

** É imprescindible a aceptación e autorización expresa para participar no concurso.

BASES CONCURSO "DESEÑANDO MOCIDADE"

I. Obxecto

O Consello da Mocidade é un grupo de mozos e mozas oleirenses de 12 a 30 anos cuxo obxectivo é propoñer melloras para a xente nova do municipio e colaborar co Concello para desenvolveselas. Funcionan de punto de contacto entre o Concello e a mocidade en xeral. Entre os seus proxectos están o deseño de dous locais xuvenís para o uso libre da mocidade, sitios en Santa Cruz e Perillo.

Este concurso consistirá na creación dun nome que substitúa o de Consello da Mocidade de Oleiros e dun logo que o represente.

II. Participantes

Poderán participar neste concurso todos os rapaces e rapazas de 12 a 30 anos, empadroados/as no Concello de Oleiros. A participación será individual.

III. Obras: temática e formato

O deseño do logo estará baseado no Consello da Mocidade e o nome debe estar escrito en lingua galega. Ambos deben ser inéditos. Presentaranse cun pseudónimo, sen ningún dato que revele a identidade do autor ou autora.

Non se aceptarán traballos con contidos discriminatorios, políticos, relixiosos ou despectivos. O nome proposto estará escrito con fonte arial 12, e terá máximo 20 caracteres, e irá acompañado dunha pequena explicación da creación con fonte arial 12, , mínimo 2 liñas e máximo 10. O formato para entregar o documento debe ser: o logo en JPEG ou PDF, e o nome co texto en PDF, preferiblemente dentro dunha memoria USB ou CD.

IV. Documentación a presentar

Os traballos presentaranse nun sobre grande co pseudónimo do autor ou autora escrito, que conterá:

- O logo, o nome e a descrición, preferiblemente nun CD ou memoria USB.

- Un sobre pequeno pechado, que debe conter a follla de datos do/a participante coas correspondentes autorizacións, no caso de menores debe ir asinada polo pai/nai/titor legal, e copia do documento de indentidade do/a participante.

Non se aceptará ningún traballo cos datos dos/as autores/as fóra do sobre pequeno pechado.

V. Lugar e prazo de presentación

O traballo dirixirase á Concellería de Ensino e Xuventude do Concello de Oleiros. Poderá entregarse de luns a venres na Fábrica, rúa do Inglés, nº 13, 15172, Perillo-Oleiros, de 9.00 a 14.00 horas ou na Biblioteca Municipal Rialda, Perillo, de 17.00 a 20.30 h.

O prazo de presentación será ata o 24 de maio de 2019.

VI. Constitución do xurado e fallo

Presidenta: concelleira de Ensino e Xuventude
Secretaria: membro do Consello da Mocidade designado pola resolución da concelleira de Ensino e Xuventude.
Vogais: 5 membros do Consello da Mocidade designados por resolución da concelleira de Ensino e Xuventude.

O fallo será inapelable e publicarase no mes de xuño de 2019. O xurado reserva o dereito de declarar deserto o concurso, así como conceder algún accésit en caso de empate.

VII. Premio

Un único premio á persoa gañadora, o cal será unha tablet de deseño gráfico para promover a creatividade das rapazas e dos rapaces.

O traballo gañador pasará a ser propiedade do Concello de Oleiros, que poderá usalo en publicacións dixitais, impresas ou redes sociais, ou utilizarse mesmo como imaxe institucional, e rexistrarse como marca propia do Concello.

VIII. Aceptación das bases

A presentación a este concurso supón a aceptación das presentes bases.